



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ACTA DE EXAME DA DOCUMENTACIÓN XERAL DO PROCEDEMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN) PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS AS QUE SE REFIRE O PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO EN RÚA CAMPO DO OUTEIRO”, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 10:30 horas do día 12 de xaneiro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 11 de novembro de 2017, estando presentes os seguintes membros:

Presidente:

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde.

Vogais:

D^a Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro

D^a M^a Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D^a Alicia Queiro Pérez, Interventora accidental da Corporación.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativa adscrito a Secretaría.

É obxecto da reunión, de conformidade coa cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas que regulan a contratación, o exame/comprobación da “documentación” do sobre “A” presentada polos licitadores que optaron á contratación por procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras as que se refire o proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO EN RÚA CAMPO DO OUTEIRO”, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015.

Previa lectura dos preceptos obrigatorios e demais particulares do expediente de contratación procédese a confrontar os sobres das proposicións presentadas co informe emitido polo Rexistro Xeral, do que resulta que foron presentadas as proposicións seguintes:

NÚM.	NÚM. REX	DATA ENTRADA	PROPOÑENTE
1	6406	02/12/2016	EXCAVACIONES POSE, S.L.
2	6578	16/12/2016	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ, S.L. (*)
3	6590	19/12/2016	CONSTRUC. PONCIANO NIETO, S.L.
4	6592	19/12/2016	OBRAS Y CONTRATAS RIVADEMAR, S.L.
5	6594	19/12/2016	CONSTRUC. ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS, S.L.
6	6598	19/12/2016	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. (*)
7	6599	19/12/2016	SYR-AMG, S.L.U. (*)
8	6602	19/12/2016	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. (*)
9	6604	19/12/2016	CONSTRUC. FERMÍN SIMAL, S.L.
10	6605	19/12/2016	CONSTRUC. CERNADAS, S.L.
11	6608	19/12/2016	EXCAVACIONES AGRACASTRO, S.L.
12	6610	19/12/2016	CONSTRUC. CYMCO GALICIA, S.L.
13	6612	19/12/2016	CONSTRUC. MARTÍNEZ RIAL, S.L.
14	6644	19/12/2016	CONSTRUC. D. OGANDO, S.L.
15	6646	19/12/2016	CONSTRUC. Y OBRAS ANDÚJAR, S.L.
16	6666	20/12/2016	CANARGA CONSTRUC., S.L. (*)
17	6667	20/12/2016	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (*)
18	6675	20/12/2016	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. (*)
19	6676	20/12/2016	MANUEL BARCIA GARCÍA (*)
20	6678	20/12/2016	ABACO SERCOIN, S.L. (*)
21	6680	20/12/2016	HORDESCON, S.L. (*)
22	6683	20/12/2016	ESPINA & DELFIN, S.L. (*)
23	6685	20/12/2016	CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L. (*)
24	6704	21/12/2016	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. (*)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

(*) De conformidade co art. 80.4 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, xustificaron a data en que se realizou o envío por correo da oferta, mediante Fax de datas: 15-12-2016 (Construcciones Lemos Martínez, S.L.), DE 16-12-2016 (Arias Infraestructuras, S.A., Nemesio Ordóñez, S.A. e SYR-AMG, S.L.U.), de 19-12-2016 (Abaco Sercoin, S.L., Obras y Viales de Galicia, S.L., Mecano Obras y Reformas, S.L., Canarga Construcciones, S.L., Espina & Delfín, S.L., Manuel Barcia García e Herdescon, S.L.), 20-12-2016 (CYS Hispania Construcciones y Servicios, S.L.) e de 21-12-2016 (Excavaciones y obras Melchor, S.L.).

Visto o informe emitido pola encargada do rexistro, as comunicacións de remisión de ofertas por correo e as proposicións presentadas neste procedemento.

Visto que a cláusula 11 do prego que regula a contratación di:

"11.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos vinte e seis días naturais contados do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante (art. 159.2 TRLCSP), en dous sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

11.A.2.) *No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio".*

Visto que os epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato din:

9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	<input checked="" type="checkbox"/> 1. <i>Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Camariñas:</i> Praza de Insuela, núm. 57, 15123 – Camariñas. <input checked="" type="checkbox"/> 2. <i>Oficina de Correos</i> <i>Comunicación do envío por medio de oficina de correos:</i> <i>Domicilio entidade contratante: Praza Insuela, 57 - 15123 - Camariñas</i> <i>Núm. de FAX da entidade contratante: 981 736 319</i> <i>Correo electrónico da entidade contratante: correo@camarinas.net</i>
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	<input checked="" type="checkbox"/> A) <i>Tramitación ordinaria: 26 DÍAS NATURAIS</i> <i>(Cláusula 11)</i> <input type="checkbox"/> B) <i>Tramitación urxente:</i> <i>En horario de: 9 a 14 horas (horario do Rexistro Xeral do Concello) e no caso de presentalo por correo dentro do horario da oficina correspondente.</i>

Considerando que o prazo de presentación de ofertas rematou o día 19 de decembro de 2016.

Visto que o licitador núm. 20 Excavaciones y obras Melchor, S.L. presenta a documentación en correos para o seu envío o día 19/12/2016, dentro do prazo outorgado pero que non obstante a comunicación do devandito envío se produce en día distinto e fóra do prazo de presentación de ofertas, o día 20/12/2016, polo que se incumpre co preceptuado polo prego de cláusulas e co establecido no art. 80 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Comprobado que os restantes licitadores presentaron as ofertas e/ou comunicaron a súa presentación/envío na oficina de correos no prazo outorgado polo prego e de conformidade con este último e o art. 80 do R.D. 1098/2001 é polo que a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Primeiro.- Excluir do procedemento ao licitador núm. 20 EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. ao ter realizado a comunicación do envío de documentación por correo en día distinto ao de imposición e fóra do prazo outorgado para a presentación de ofertas.

Segundo.- Notificar o acordo de exclusión a EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. con indicación dos recursos que procedan (alzada).

Terceiro.- Declarar que os restantes licitadores teñen presentado as proposicións en prazo cumprindo as condicións/e formalidades esixidas polo prego e polo R.D. 1098/2001.

Acto seguido polo presidente da Mesa de Contratación se ordena a apertura do sobre A “documentación” presentado polos licitadores, a excepción do excluído, procedéndose ao exame da documentación, rematadas ditas actuacións a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

Único.- Declarar admitidos aos vinte e tres licitadores que continúan no procedemento, ao ser conforme a documentación presentada coa esixida polo prego de cláusulas administrativas que regulan a contratación (cláusulas 12.1.2 e 15 do prego).

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta levanta a sesión, sendo as 11:25 hora do día da data, do que como secretario dou fe co visto e prace da Presidencia.

Vº e Prace
O PRESIDENTE,

D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,

D. Victorino Nión Carril